



Guía Docente				
Datos Identificativos				2014/15
Asignatura (*)	Fisiología Animal		Código	610212302
Titulación	Licenciado en Biología			
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
1º e 2º Ciclo	Anual	Terceiro	Troncal	12.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Biología Animal, Biología Vegetal e Ecología			
Coordinación			Correo electrónico	
Profesorado			Correo electrónico	
Web				
Descripción xeral	<ul style="list-style-type: none"><li>- O animal como sistema abierto e un todo integrado.</li><li>- Intercambio de materia e enerxía co medio.</li><li>- Estudo das diferentes funcións dos animais e a súa regulación.</li><li>- Unha perspectiva comparada.</li></ul>			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A16	Levar a cabo estudos de producción e mellora animal e vexetal.
A19	Deseñar modelos de proceso biolóxicos.
A24	Deseñar experimentos, obter información e interpretar os resultados.
A27	Capacidade de impartir coñecementos de Biología.
A28	Capacidade para o manexo de instrumentación científica.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun entorno de traballo.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
- Adquirir coñecementos básicos para comprender o funcionamiento dos animais como un todo integrado, que poden ser de aplicación no manexo de organismos en condicións experimentais, cultivo, producción, etc., así como para valorar a incidencia de posíbeis cambios ambientais.		A19 A24 A27 A28	B4
- Habilidades de potencial aplicación na clínica de laboratorio en cultivo intensivo e extensivo.		A16 A24	B2 B5
- Capacidad de definir conceptos, abstracción e manexo de información de diferente procedencia (bibliográfica, experimental, manexos virtuais, etc.).		A24	B5 B7
- Capacidad de traballo en grupo así como deseño, elaboración e presentación de traballos.			B5 B7

Contidos	
Temas	Subtemas



<p>INTRODUCIÓN: Temas 1 a 3. Conceptos básicos, Fisiología Animal como ciencia, características funcionales dos animais, papel das membranas biolóxicas, excitabilidade celular e bases iónicas.</p>	<p>Tema 1.- A Fisiología Animal como Ciencia: concepto, métodos e perspectiva histórica. Características funcionais dos animais. O animal e o seu medio ambiente: o medio externo e factores condicionantes dos procesos fisiológicos. O medio interno e a súa constancia. Concepto de homeostasis.</p> <p>Tema 2.- As membranas celulares como modelo de permeabilidad selectiva. Transferencia de sustancias a través de membranas biolóxicas. Difusión pasiva, difusión facilitada e transporte activo. Orixín do potencial de transmembrana.</p> <p>Tema 3.- Irritabilidade ou excitabilidade celular. Potenciais de membrana: potenciais de repouso e potenciais de acción. Bases iónicas do potencial de acción. Propagación do potencial de acción: difusión da excitación. A transmisión do impulso polas fibras nerviosas.</p>
Función dixestiva e bioenerxética: Temas 4 a 9.	<p>Tema 4.- Nutrición: requisitos nutritivos. Tipos de alimentación: mecanismos de captura ou inxestión do alimento. Regulación da inxestión do alimento. Visión xeral dos sistemas dixestivos: tipos de dixestión, tipos de sistemas dixestivos e fases da dixestión.</p> <p>Tema 5.- Rexións funcionais das vías dixestivas (i). Recepción: mastigación e secreción salivar. Deglución, conducción e almacenamento. Peristaltismo esofágico. Motilidade gástrica e control do baldeirado gástrico. Estrutura e innervación do músculo gastrointestinal.</p> <p>Tema 6.- Rexións funcionais das vías dixestivas (ii). Motilidade e reflexos intestinais. Secreções: salivar, gástrica, pancreática, biliar e do intestino delgado, e a súa regulación. As enzimas dixestivas dos invertebrados.</p> <p>Tema 7.- Rexións funcionais das vías dixestivas (iii). Estrutura da mucosa de absorción. Dixestión dos alimentos e absorción gastrointestinal: procesos físico-químicos implicados. Absorción de carbohidratos, proteínas e graxas. Absorción de auga, electrólitos e vitaminas. Dixestión e absorción en rumiantes. Fermentadores en tracto posterior. Intestino grosso: motilidade e secreções. Formación de heces fecais. Defecación.</p> <p>Tema 8.- Enerxética dos organismos e producción de calor. A taxa metabólica: definición e significado. Métodos directos e indirectos de medida do metabolismo. Metabolismo basal e factores que condicionan a taxa metabólica: actividad, tamaño, superficie, etc. Variacións no metabolismo e regulación hormonal.</p> <p>Tema 9.- Temperatura corporal. Animais ectotermos e endotermos. Límites da temperatura corporal: mecanismos de producción e transferencia de calor. Mecanismos reguladores da temperatura corporal. Adaptacións ó frío e a calor en ectotermos e endotermos. Ritmos biolóxicos e aletargamento: sono, torpor, hibernación e estivación.</p>



Sistemas circulatorios: Temas 10 a 15.	<p>Tema 10.- Circulación: consideracións xerais e tipos de sistemas cardiovasculares. Sistemas de propulsión. Tipos de corazón, e evolución do corazón de vertebrados.</p> <p>Tema 11.- O corazón mióxeno: fisiología do músculo cardíaco. Excitación cardíaca: automatismo e ritmocaidade cardíaca (función do nódulo senoauricular como marcapasos). Conducción intracardíaca: o corazón como un dipolo. O corazón neuróxeno.</p> <p>Tema 12.- A bomba cardíaca. O ciclo cardíaco: correlación dos eventos eléctricos e mecánicos, e traballo do corazón. Ruídos cardíacos. Gasto cardíaco. Regulación da actividadade cardíaca: regulación intrínseca e nerviosa.</p> <p>Tema 13.- Principios hidrostáticos e hidrodinámicos aplicados á hemodinámica. O sistema arterial. Determinantes da presión arterial. Circulación venosa. A presión venosa. Regulación da circulación sanguínea. Autorregulación. Regulación nerviosa e mecanismos hormonais. Barorreceptores e quimiorreceptores.</p> <p>Tema 14.- Circulación capilar. Intercambio entre os capilares e os espazos intercelulares. Circulación pulmonar. Circulación coronaria. Circulación cerebral. O sistema linfático como mecanismo de drenaxe tisular: estrutura e funcionamento.</p> <p>Tema 15.- Fluídos corporais. Líquidos circulantes: tipos e composición. Eritrocitos. Hemoglobina e o metabolismo do ferro. Leucocitos. Inmunidade. Plaquetas. Hemostasia e coagulación do sangue. Sistemas hemostáticos nos distintos animais.</p>
Sistemas respiratorios: Temas 16 a 20.	<p>Tema 16.- Sistemas respiratorios: necesidade do intercambio de osíxeno e dióxido de carbono. Disponibilidade de osíxeno: gases no aire e na auga. Intercambio de gases en medio acuático. Respiración branquial. Os peixes como modelo de respiración acuática. Papel da pel na respiración. Outras estruturas de acumulación de gases con diferente finalidade: a vexiga natatoria e a flotabilidade.</p> <p>Tema 17.- Intercambio gasoso no medio aéreo. Respiración traqueal e pulmonar. Respiración pulmonar: estrutura funcional e mecánica respiratoria. Volumes e capacidades pulmonares. O pulmón das aves: un mecanismo unidireccional.</p> <p>Tema 18.- Regulación da respiración. Regulación nerviosa. Quimiorreceptores e barorreceptores na regulación da respiración. Regulación e ejercicio.</p> <p>Tema 19.- Intercambio gasoso e transporte de gases. Intercambio-transferencia de gases. Os pigmentos respiratorios. Función da hemoglobina e mioglobina no transporte de osíxeno, e curvas de disociación ou curvas de equilibrio O<sub>2</sub>. Factores que inflúen na afinidade da hemoglobina polo osíxeno. Efecto Bohr. Transporte de CO<sub>2</sub> e curvas de equilibrio, e entrada dende os tecidos e descarga. Efecto Haldane.</p> <p>Tema 20.- Adaptacións respiratorias e circulatorias ó buceo e grandes alturas.</p>



Equilibrio iónico-osmótico e excreción: Temas 21 a 25.	<p>Tema 21.- Osmorregulación e medio ambiente: o mantemento das concentracións de ións e auga como factor fundamental da homeostasis. Parámetros ambientais dos medios acuáticos e terrestres. Osmorregulación en animais acuáticos: estratexias para a regulación hídrico-salina nos medios isoosmóticos, hiperosmóticos e hipoosmóticos. Problemas hídricos e electrolíticos da vida terrestre.</p> <p>Tema 22.- Función excretora e produtos de excreción: depuración dos líquidos corporais e mantemento dos seus volumes. Excreción de produtos nitroxenados. Tipos de sistema excretor. Os órganos excretores de invertebrados: modalidades de nefridio e túbulos de Malpighi. O ril dos vertebrados: a asa de Henle e a capacidade de formar ouriña hiperosmótica.</p> <p>Tema 23.- O ril dos mamíferos (i). Anatomía funcional. Mecanismos básicos da formación de ouriña: filtración glomerular, secreción tubular e reabsorción. Diversidade celular dos segmentos tubulares en relación á súa función. Taxa de filtración glomerular, aclaramento renal e transporte máximo.</p> <p>Tema 24.- O ril dos mamíferos (ii). Regulación polo ril dos ións <math>\text{Na}^+</math>, <math>\text{K}^+</math> y <math>\text{Cl}^-</math>. Outros ións. Regulación da función renal e concentración de ouriña. Papel dos mineralocorticoides. Regulación do volume corporal: a hormona antidiurética. Función renal e presión arterial: sistema renina-anxitensina.</p> <p>Tema 25.- O equilibrio ácido-base e a necesidade do seu mantemento. Regulación: tampóns químicos, procesos respiratorios e mecanismos renais. Outras estruturas implicadas na regulación do pH: branquias, glándulas rectais, etc.</p>
Sistemas macrorreguladores. Sistema nervioso. Xeneralidades, organización e función: Temas 26 a 28.	<p>Tema 26.- Funcións e características xerais do sistema nervioso: o sistema nervioso como integrador de información. Niveis de integración. Sinopses anatómica e sistemas nerviosos. O sistema nervioso dos vertebrados.</p> <p>Tema 27.- Citofisioloxía da neurona e das células da glía. Asociacións funcionais de neuronas.</p> <p>Tema 28.- Comunicación interneuronal: sinapses eléctricas e químicas. Excitación e inhibición. Microfisioloxía da transmisión química: a unión neuromuscular como modelo. Neurotransmisores.</p>



SN. Fisiología sensorial: Temas 29 a 35.	<p>Tema 29.- Fisiología sensorial. Receptores sensoriales: concepto e características. Tipos de receptores e propiedades xerais dos receptores. O potencial do receptor.</p> <p>Tema 30.- Sensibilidad somática (i): sensibilidad ó tacto, presión, vibración e temperatura. Bases fisiológicas da sensibilidad dolorosa.</p> <p>Tema 31.- Sensibilidad somática (ii). sensibilidad postural ou sensibilidad proprioceptiva. Receptores musculares e articulares: huso muscular e órgano tendinoso de Golgi. Regulación da posición e o equilibrio. Estatocistos e receptores vestibulares.</p> <p>Tema 32.- Fotorrecepción (i). Mecanismos de transducción da luz polos pigmentos visuais. Fotorrecepción e orientación á luz en invertebrados. Ocelos. O ollo composto dos artrópodos. O ollo en cámara dos cefalópodos.</p> <p>Tema 33.- Fotorrecepción (ii). O ollo dos vertebrados. Anatomía e función receptora da retina. Mecanismo óptico da visión: análise da información visual e campos receptores. Visión da cor.</p> <p>Tema 34.- Fonorrecepción. Fonorrecepción en invertebrados. Receptores da liña lateral. Anatomía e función do sistema auditivo de vertebrados. O órgano de Corti, mecanismo da excitación auditiva e procesamiento da información. Ecolocalización.</p> <p>Tema 35.- Quimiorrecepción. O sentido químico común. Fisiología do gusto e do olfacto. Quimiorrecepción en animais acuáticos. Quimiorreceptores internos.</p>
SN. Efectores e coordinación motora: Temas 36 a 40.	<p>Tema 36.- Fisiología do movemento (i). Efectores. A fibra muscular como base do movemento: estrutura e función do músculo. Bases físico-químicas da contracción da fibra muscular esquelética. Contracción do sarcómero: teoría dos filamentos deslizantes. Acoplamento entre excitación e contracción. Mecánica e propiedades da contracción muscular. Fisiología do músculo liso. Músculo cardíaco.</p> <p>Tema 37.- Fisiología do movemento (ii). A motilidade. Niveis de coordinación motora. Integración da actividad motora na medula espinal: o arco reflexo. Tipos de reflexos.</p> <p>Tema 38.- Fisiología do movemento (iii). Vías sensitivas do Sistema Nervioso Central: columnas dorsais. Sistema espinotalámico. Control cortical da actividad motora: tracto ou sistema piramidal. Sistema extrapiramidal. Ganglios basais e tronco encefálico. O Cerebelo.</p> <p>Tema 39.- Anatomofisiología do Sistema Nervioso Autónomo ou S.N.Vexetativo. División do S.N. Autónomo: SNA de acción simpática e SNA de acción parasimpática. Características funcionais e actividad motora visceral. Arco reflexo autónomo. Neurotransmisores e receptores. O control dos procesos de integración: regulación do SNA polo S.N. Central.</p> <p>Tema 40.- Outros efectores: bioelectricidade e bioluminiscencia. Órganos eléctricos e electrorrecepción: significado funcional. Mecanismos de producción de luz: órganos e estruturas luminiscentes. Bacterias simbióticas e luminescencia intra e extracelular. Significado funcional da bioluminiscencia.</p>



Sistemas macrorreguladores. Sistema endocrino: Temas 41 a 50.	Tema 41.- O sistema endocrino e o seu papel na regulación da homeostasis. Regulación química: características xerais. Mecanismos de acción hormonal. Integración neuroendocrina. Concepto de neurosecreción. O sistema hipotálamo-hipofisario. Neurosecrecóns hipotalámicas: factores de liberación.  Tema 42.- Organización xeral da hipófises. Adenohipófise: síntese, secreción e función das hormonas adenohipofisarias. Control hipotalámico da adenohipófise. Control hipofisario do sistema endocrino.  Tema 43.- Neurohipófise: síntese, secreción e función das hormonas neurohipofisarias. ADH e oxitocina. O lóbulo intermedio e a fisiología do cambio de cor: a MSH ou hormona estimulante dos melanóforos. Glándula pineal: síntese, secreción e función da melatonina. Células pigmentarias efectoras: fisiología dos cambios de cor e factores reguladores. Tipos de cromatóforos.  Tema 44.- Tiroides. Hormonas do tiroides e biosíntese tiroidea. Acción metabólica das hormonas tiroideas: implicación na resposta termoxénica. Outros efectos metabólicos das hormonas tiroideas. As hormonas tiroideas e a metamorfose dos anfibios.  Tema 45.- Calcitonina e hormona paratiroidea: metabolismo do calcio e da formación ósea. O timo.  Tema 46.- Glándulas suprarrenais. Corteza suprarrenal: glucocorticoides, mineralocorticoides, andróxenos e estróxenos suprarrenais. Medula suprarrenal: síntese, secreción e función das catecolaminas.  Tema 47.- Páncreas endocrino: insulina, glucagón e somatostatina. Regulación da glucemia. Control dos niveis de insulina. Control dos niveis de glucagón. Importancia da regulación da glucemia.  Tema 48.- Sistemas endocrinos de invertebrados. Modelo xeral do funcionamiento endocrino de invertebrados. Mecanismos endocrinos e procesos baixo control hormonal: control endocrino do desenrollo e muda ou ecdisis dos insectos.  Tema 49.- Fisiología da reproducción e do desenrollo (i). Hormonas sexuais. Diferenciación sexual prenatal do aparato xenital. Sistema reprodutor feminino (mamíferos) e ciclos reproductores femininos: ciclo ovárico e ciclo uterino. Hormonas ováricas. Sistema reprodutor masculino e andróxenos testiculares. Hormonas sexuais e comportamento. Fecundación.  Tema 50.- Fisiología da reproducción e do desenrollo (ii). Xestación e hormonas durante a xestación. Parto e lactancia. Fisiología da reproducción noutros vertebrados: anfibios e réptiles. Reproducción unisexual e bisexual. Partenoxénese. Determinación ambiental do sexo.
---	---

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Proba obxectiva	4	308	312



Atención personalizada	1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado			

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Proba obxectiva	<p>Realización dunha proba final á que poderán acceder aqueles alumnos que non superaran a materia en cursos previos. Esta proba estará centrada basicamente na materia impartida nas sesións maxistrais do programa.</p> <p>Así mesmo, tendo en conta a importancia das prácticas nunha materia experimental, a proba final incluiría algúna pregunta sobre as prácticas levadas a cabo no seu momento polo alumnado no laboratorio, para aqueles alumnos que puideran non ter realizado as prácticas. Neste caso sería necesario abordar esta pregunta correctamente (cualif. &gt; ou = 5.0) para superar a materia.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
	<p>-Estruturar e coordinar os traballos a realizar polos grupos de alumnos e seguimento e desenvolvemento dos mesmos.</p> <p>-Haberá unhas tres sesións por cada grupo de traballo de alumnos.</p> <p>Ademais, como parte da atención personalizada, haberá titorías personalizadas sempre que o alumno o requira.</p>

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Proba obxectiva	<p>Exame da materia con preguntas curtas sobre o abordado nas sesións maxistrais, ao longo dos cursos previos, dos diferentes bloques temáticos da materia.</p> <p>Así mesmo, tendo en conta a importancia das prácticas nunha materia experimental, a proba final incluiría algúna pregunta sobre as prácticas levadas a cabo no seu momento polo alumnado no laboratorio, para aqueles alumnos que puideran non ter realizado as prácticas. Neste caso sería necesario abordar esta pregunta correctamente (cualif. &gt; ou = 5.0) para superar a materia.</p>	100

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Schmidt-Nielsen K. (1997). Animal physiology. Adaptation and environment (5ª ed.). Ed. Cambridge University Press</li> <li>- Randall, D., W. Burggren &amp; K. French (2002). Ecker Animal Physiology. Mechanisms and Adaptations (5ª ed.). W.H. Freeman and Company</li> <li>- Hill, R.W., G.A. Wyse &amp; M. Anderson (2006). Fisiología Animal. Ed. Panamericana</li> <li>- Silverthorn, D.U. (2008). Fisiología Humana. Un enfoque integrado (4ª ed.). Ed. Cambridge University Press</li> <li>- Moyes, C.H. &amp; P.M. Schulte (2007). Principios de Fisiología Animal. Ed. Pearson Educación</li> <li>- Stanfield, C.L. (2011). Principios de Fisiología Humana (4ª ed.). Ed. Pearson Educación</li> <li>- Guyton, A.C. &amp; J.E. Hall (2011). Tratado de Fisiología Médica (12ª ed.). Ed. Interamericana McGraw-Hill</li> </ul>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías